

Desenvolvemento de aplicacións web con Angular

Descrición

Este curso práctico e directo ao gran ensínache todo o que necesitas saber para aprender en pouco tempo este framework JavaScript. Mentres aprendes, construírás dende cero unha aplicación Web, Tweempus, un pequeno “clon” de Twitter co que reforzar todo o aprendido.

Angular é o que debería ser HTML se fora pensado dende o principio para crear aplicacións web, e non documentos. Desenvolvido e mantido por Google, este framework gratuito converteuse xa na súa primeira versión case nun estándar para crear aplicacións web modernas.

O curso será en modalidade de teleformación (horario libre) e a proba de selección O curso será en modalidade de teleformación (horario libre) e a proba de selección realizarase en liña, polo que é necesario que as persoas interesadas en participar teñan:

- Correo electrónico
- Ordenador con conexión a internet.
- Para seguir o curso é necesario que o equipo conte con altofalantes ou auriculares, e para a proba de selección micrófono e cámara web.

O CNTG facilitará os correos electrónicos das persoas inscritas á empresa organizadora das probas para que esta poida crearlles e comunicarlles as ligazóns de acceso tanto á proba como ao curso.

Os días non lectivos para este curso serán o 13 e o 17 de maio.

Obxectivos

Ao final deste curso práctico aprenderás entre outras moitas cousas:

- Posta en marcha dunha contorna de desenvolvemento óptimo e multi-plataforma para Angular
 - As partes máis importantes da linguaxe TypeScript
 - Definición de compoñentes Angular
 - Creación de módulos Angular
 - Ciclo de vida de compoñentes
 - Enlazado a información: property bindings, event binding, ligazón bidireccional...
 - Comunicación entre compoñentes
 - Directivas estruturais
 - Directivas de atributo
 - Pipes
 - Rutas básicas e avanzadas. Herdanza de rutas
 - Definición de servizos Angular
 - Inxección de dependencias
 - Consumo de APIs REST con Angular
 - Seguridade de aplicacións
 - Formularios: baseados en persoais e reactivos. Validación automática

Dirixido a

Este curso parte da base de que coñeces ben HTML5 e JavaScript/ECMAScript e dá por sabidos os conceptos relativos a estas linguaxes.

Este curso será de utilidade a programadores que xa saiban JavaScript/ECMAScript e que necesiten poñerse ao día con Angular de forma ordenada, práctica e rápida.

Perfil do docente

Profesionais con máis de 5 anos de experiencia en áreas de alta especialización técnica nos campos de aplicación. Posúen as certificacións oficiais do fabricante (neste caso Google) para impartir estes cursos.

DURACIÓN	50 horas
PROGRAMA	Programación 2020/21
MATRÍCULA	Gratuíta
METODOLOXÍA	Teleformación

Desenvolvemento de aplicacións web con Angular

TIPO	CURSO
HORARIO	null
PERIODO INSCRICIÓN	29/03/2021 - 29/03/2021
PROBA DE SELECCIÓN	20/04/2021, 16:00
LUGAR DE DOCENCIA	
Nº PRAZAS	30 (Mínimo 10)

Temario

MÓDULO 1: Introducción a Angular, TypeScript e ferramentas de desenvolvemento

MÓDULO 2: Módulos e compoñentes

MÓDULO 3: Ligazón dos datos

MÓDULO 4: Directivas e pipes

MÓDULO 5: Rutas

MÓDULO 6: Servizos

MÓDULO 7: Formularios